

FILGUEIRA VALVERDE NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Consello da Cultura Galega - Real Academia Galega

Resumo: Estúdanse os antecedentes culturais do Seminario de Estudos Galegos (SEG) nas primeiras décadas do século XX, sinalando a importancia da Universidade de Santiago de Compostela. Describense as orixes do SEG e o papel fundamental de Filgueira neste primeiros tempos. Resúmense as actividades do SEG ata a súa incautación en 1940 sinalando a singularidade dos traballos organizativos e de publicación de Filgueira nomeadamente no relativo as “xeiras de traballo”. Finalmente, fálase dos diferentes intentos de reconstrución do SEG despois da Guerra Civil.

Abstract: In this paper, the cultural background of the Seminario de Estudos Galegos (SEG) in the early 20th century is analyzed, highlighting the relevance of the University of Santiago de Compostela. The SEG's origins and the main role played by Filgueira in its early stages are described. The SEG's activities until its seizure in 1940 are summarized, drawing attention to the publications and organizational tasks performed by Filgueira, particularly the “xeiras de traballo” (field trips). Finally, the different attempts to re-establish the SEG after the Spanish Civil War are examined.

Palabras chave: cultura, galeguismo, historia.

Key words: culture, galicianism, history.

ANTECEDENTES

Isaac Díaz Pardo inaugura no ano 1977 a Galería Sargadelos de Santiago cunha Mostra de Homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Á conmemoración súmase o Laboratorio de Formas de Galicia coa publicación *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos* na que colaboran os antigos fundadores, directores e conselleiros da institución, aínda vivos, así como un pequeno fato de novos investigadores. Na achega de Francisco Fernández del

Riego (1978) hai unha interesante referencia ao ambiente cultural que se estaba a vivir en Galicia nas primeiras décadas do século XX nas que xorden iniciativas “de novo feitío” que tentan darlle “consistencia ideolóxica ás manifestacións creadoras do noso espírito”. A primeira delas é a Academia Galega que nace en 1905 baixo a presidencia de Murguía pero cunha liña de traballo “asistemática e de expresión bilingüe” coa que non podía encher as necesidades culturais que o tempo lle demandaba. Aproximadamente dez anos despois, xurdían as Irmandades da Fala cunha fonda vocación galeguizadora que se traduciu, sobre todo, na orde socio-política e literaria pero non nos eidos da investigación e do estudo. E, case simultaneamente, xorde en Ourense a revista *Nós* animada por homes como Otero, Risco, Cuevillas ou Lourenzo, representantes dunha “auténtica fidelidade ás esencias do país”. Nas súas páxinas reflectiuse un importante labor de creación e ensaio, con acento europeísta, nos eidos etnográfico, arqueolóxico, literario e histórico, pero ficando sen atender outras importantes parcelas “que compría roturar, para acadar o recobramento integral da nosa cultura”. En resumo, segundo as propias verbas de Del Riego:

A “Academia Galega”, as “Irmandades da Fala” e a Revista “Nós”, foron, xa que logo, fitos esenciais no proceso de revitalización cultural do país. Foron focos de concentración e de espaxamento, durante etapas básicas da nosa vida espiritual. Noustante, non chegaron a cubrir na súa enteira totalidade, unha política abrangedora, na que se conxugase a literatura, a historia e a divulgación, coa tarefa de investigación dos nosos valores privativos.

Pero neste período houbo tamén algún feito máis que pode servir como contexto, e mesmo como antecedente, que poida xustificar o nacemento dunha nova institución, como foi o caso do Seminario de Estudos Galegos.

En primeiro lugar, a Universidade de Santiago, que desde os primeiros anos da década dos vinte, coa creación das facultades de Historia e Ciencias en 1922 e a chegada dun novo profesorado con formación no estranxeiro, comeza un lento pero decidido proceso de renovación. Esta nova xeración de mestres, non só supuxo unha certa ruptura xeracional senón que “introducen nuevos métodos y un nuevo estilo académico” (Barreiro 1980). De todas maneiras, os novos alentos reformistas que achegaron anos antes os rexeneracionistas á política española, dalgún xeito xa comezaron a ser evidentes desde os primeiros anos do século, como sucede coa creación do Ministerio de Instrucción Pública en 1900 e a Junta para Ampliación de Estudios en 1907. Así mesmo, un galego egrexio, o químico Xosé Casares Gil, nun discurso que pronunciou na inauguración do curso 1900-1901 na Universidade de Barcelona e que foi amplamente comentado en España, deixaba ben claro o seu talante renovador:

Un descontento general se manifiesta por todas partes en las cuestiones referentes a la Instrucción Pública. Una especie de desasosiego reina entre los encargados de dirigirla... Triste es considerar la instrucción española comparándola con la de las demás naciones europeas y el convencimiento de nuestro atraso es la causa de las quejas con que sin cesar la opinión pública reclama una variación en los moldes en que han servido hasta ahora para vaciar la cultura intelectual del país.

E aínda que as promesas reformistas do primeiro ministro de Instrucción Pública, Antonio García Alix se adiaron bastante, en parte como consecuencia das circunstancias políticas e sociais tanto españolas como internacionais que se estaban a vivir, a promulgación en 1919 dun Real Decreto sobre unha tímida autonomía universitaria foi xa un signo inequívoco dos novos tempos.

En Santiago, estes aires frescos que traían os alentos rexeneracionistas comezaron a facerse notar pola chegada de novos e competentes catedráticos á Universidade, que chegaban ademais con vocación de permanencia como acontecía con Deulofeu (1902) en Farmacia, Cabeza de León (1903) en Dereito, Gallego Canel (1903) en Veterinaria, Cotarelo Villedor (1904) en Filosofía, Blanco Rivero (1905) e Varela Radío (1905) en Medicina, García Varela (1905), en Ciencias¹ ou Nóvoa Santos (1912) e Rodríguez Cadarso (1916), tamén en Medicina. Todos eles foron recoñecidos profesionais que dalgún xeito tiveron que deixar a súa pegada nas aulas e ambientes universitarios da vetusta e tradicionalista cidade compostelá.

Desde o Instituto de Ensino Medio de Santiago, sempre moi vencellado á Universidade, tampouco non debeu deixar de pasar desapercibida a chegada a eles, como catedráticos, de Luís Iglesias (1918), Montequi (1918) ou, sobre todo, Viqueira (1917).

En calquera caso, unha análise máis demorada e polo miúdo deste período posiblemente achegue datos que poidan refrendar a existencia dun alento rexeneracionista no ambiente universitario de Santiago nestas dúas primeiras décadas do século que precederon á renovación que algúns autores sitúan exclusivamente a partir dos anos vinte.

A creación da Misión Biolóxica de Galicia, en Santiago en 1921, con sé na Escola de Veterinaria e a chegada como director de Gallástegui supón outro feito significativo deste período. Con ela se materializaba, en Galicia, o tímido afán descentralizador da Junta para Ampliación de Estudos, así como unha política de diversificación da ciencia española cara a uns horizontes máis aplicados.

1 Aínda que a Facultade de Ciencias non se creou ata 1922, García Varela estaba encargado da cátedra de Historia Natural que se tiña que cursar para o Preparatorio de Ciencias, Farmacia e Medicina.

Fóra de Santiago, ademais do nacemento de institucións e organizacións como a Academia Galega e as Irmandades da Fala, na Coruña, e o grupo “Nós”, en Ourense, conviría tamén sinalar a creación en Pontevedra, en 1922, da Xuntanza de Estudos Galegos por Losada Diéguez, Castelao, Iglesias Vilarelle e Tabucho Pintos, que tiña entre as súas funcións o excursionismo, estudos de toponimia arqueolóxica, catalogación de arte rupestre, prospeccións arqueolóxicas, vocabulario galego medieval, vocabulario castelán-galego, arquivo etnográfico etc. Con eles colaborou Filgueira Valverde desde os 15 anos aínda que semella que desde os 13, segundo seu propio testemuño, xa tiña relación con eles.

Finalmente, a fundación en 1922 en Vigo do xornal *Galicia. Diario de Vigo* (López 2004) por Paz-Andrade e no que colaboraban Castelao e Villar Ponte, entre outros, foi tamén un feito importante a destacar. Con el aparecería un tipo de xornalismo moderno e actualizado seguindo os novos modelos europeos. Este xornal “independente, liberal e galeguista”, tal como se definía, supuxo unha referencia indispensable para as novas xeneracións que tentaban procurar un xeito orixinal e sen prexuízos da presentación das noticias así como editoriais e caricaturas onde se reflectise un espírito crítico e independente. Neste xornal estreouse Filgueira como escritor en 1922 cun artigo sobre as festas de Pontevedra. Tiña 16 anos.

En resumo, estas dúas primeiras décadas do século vinte que precederon á fundación do Seminario de Estudos Galegos supuxeron un tempo no que Galicia comezou a proveerse de institucións e organizacións dedicadas ao estudo e promoción da cultura galega cunha énfase moi particular na necesidade do cultivo do seu propio idioma que ata daquela ficara relegado a obxecto de estudo e devoción pero con moi pouca visibilidade pública, maiormente no seu uso oral. Tamén os alentos de cambio que chegaban de Europa comezaron a ser tema de interese e preocupación nos cenáculos intelectuais do país nos que se tentaban poñer ao día dos novos gustos e xeitos de interpretación da realidade.

E así como nas dúas primeiras décadas do século ecoaba aínda o pensamento rexeneracionista do XIX, a partir dos anos vinte comezaba xa a palpase e sentirse no ambiente os signos evidentes que deixaban nas artes e nas letras, co seus novos “ismos”, ese mundo diferente que estaba a nacer unha vez rematada a Primeira Guerra Mundial.

Neste ambiente, chegaba Filgueira a Compostela no outono do ano 1922, con dezaseis anos, para comezar o Preparatorio dos estudos de Filosofía e Letras.

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS. OS INICIOS (1923-1926)

Este apartado e mais o seguinte van ser debedores en moitos aspectos esenciais do fundamental libro de Alfonso Mato *O Seminario de Estudos Galegos* (2001). Nel

coméntase que existen diferentes relatos sobre a súa fundación que, aínda que coinciden no esencial, presentan diferenzas, ás veces notables, nos detalles. Posiblemente o carácter haxiográfico de moitos deles fixo que algúns dos seus protagonistas cando describen ese momento se centren máis no significado que acadou posteriormente a institución ca nun relato estritamente histórico e verídico dos feitos. Por iso determinados aspectos que axudan a xustificar o que logo foi o SEG poden ser magnificados mentres que outros mesmo chegan a ser esquecidos.

Seguindo a síntese interpretativa que fai Mato destes diferentes relatos, os feitos deberon ocorrer do seguinte xeito:

No inicio do curso 1923-24, un grupo de mozos universitarios manteñen conversas sobre a posibilidade de crear un centro ou de facer xuntanzas periódicas para debater, fóra das actividades regulamentadas do traballo académico, sobre as súas inquiredanzas culturais en historia, literatura, arte etc. Moitos relatos coinciden en que foi o vigués Wenceslao Requejo Buet, que iniciaba o 3º curso de Filosofía e Letras, con 19 anos, quen tomou a primeira iniciativa, que foi secundada de inmediato polos alumnos máis novos que viñan de rematar o Preparatorio de Filosofía e Letras, Ramón Martínez López, Filgueira Valverde e Lois Tobío, o primeiro deles con 16 anos era o máis novo do grupo e os outros dous tiñan 17. Os veteranos eran Fermín Bouza Brey, que cursaba 5º de Dereito, con 22 anos, e Alberte Martín Ferriña, de 27 anos, que comezaba 2º de Filosofía. Entre estes dous grupos, atopábase o resto, con Xulián Magariños Negreira, de Dereito, con 19 anos, Xosé Pena y Pena, de 21 anos e Francisco Romero de Lema, de 20 anos, alumnos de Filosofía e Letras. Como se aprecia, a maioría eran estudantes de Filosofía e Letras e só dous de Dereito.

Segundo Lois Tobío (1994), daquela existían na universidade dous tipos de estudantes: a maioría, que tentaba ir aprobando as asignaturas e pasalo o mellor posible –os estudantes “troianos”– e unha minoría que tiña inquiredanzas artísticas, literarias e de estudos e investigación fóra das aulas. Non é difícil imaxinar que a este último grupo pertencían os fundadores do SEG, que ademais, habería que engadir, eran en xeral moi bos estudantes, con premios en moitas materias.

O segundo acto deste proceso constitutivo ten como protagonista a D. Armando Cotarelo Valledor, daquela prestixioso catedrático de Literatura Española da Universidade de Santiago de Compostela, ademais dun home de ampla cultura e aberto ás preocupacións intelectuais do momento. Na súa casa, nos primeiros días de outubro de 1923 ten lugar unha xuntanza con estes estudantes para falar do tema e encamiñar as súas inquiredanzas cara a ese novo centro cultural. Semella que foi D. Armando quen suxeriu o nome de “Seminario” seguindo certas institucións europeas que, ademais de centros de investigación, tiñan entre os seus obxectivos a difusión do saber a partir de actividades docentes ou de divulgación. É dicir, que entre os seus obxectivos iniciáticos se atopaba

xa, ademais do estudo e a investigación, o labor de sementeira (“seminare”) da cultura. Tamén de D. Armando proveñen as primeiras directrices sobre métodos e obxectivos de traballo, como a realización de fichas sobre arte, etnografía e vocabulario galegos. Desta e doutras xuntanzas que terían con Cotarelo, saíria a singularidade do que se deu en chamar o “Espírito do Seminario”, a suma do alento galeguista e de enriquecemento cultural que achegaban aqueles nove estudantes composteláns co método, o rigor e o talante aberto a tódalas manifestacións culturais do veterano catedrático. Non é difícil imaxinar que del fora tamén o carácter integrador e de traballo interdisciplinario que caracterizou o SEG, cando en 1909 non dubidou en asinar, como home de letras que era, a fundación da Delegación de Santiago da Sociedade Española de Historia Natural, por non lembrar tamén a súa afección á astronomía, sobre a que chegou a publicar algún traballo.

O terceiro acto (que en moitos relatos foi presentado como o primeiro e fundamental) foi a coñecida excursión á Casa Grande do Castro de Ortoño que fixeron o 12 de outubro de 1923 Tobío, Filgueira, Bouza Brey, Requejo, Pena e Vidán. Nesa casa pasaría Rosalía de Castro a súa nenez o que lle confería un forte carácter simbólico que foi aproveitado polos excursionistas para asinar un acordo solemne “de facer xuntanza na Universidade Galega para adicarse ao Estudo da Terra”. Este relato, que foi escrito tres anos despois de realizarse a excursión, tamén recolle a nova reunión que tivo lugar na casa de Cotarelo o 21 de outubro, na que si se constitúe formalmente o novo Seminario de Estudos Galegos onde declararon os asistentes ter “feito e constituído o Seminario d’Estudos Galegos adscrito a Universidade de Santiago de Compostela”. Posteriormente, o 27 de outubro, na primeira sesión do SEG, foron presentadas e aprobadas as primeiras constitucións e os nove membros asinantes, baixo a “Presidencia do Dr. D. Armando Cotarelo Valledor” foron denominados “socios fundadores”.

Seguindo o modelo das academias, os novos socios elixidos terían que presentar un discurso de ingreso, o primeiro dos cales foi realizado por D. Armando e o segundo por Filgueira Valverde, o 3 de novembro de 1923, sobre *Festas composteláns na canonización de San Pío V*. Despois virían os dos restantes membros fundadores e logo os dos que se foron incorporando nese primeiro curso, que ao seu remate chegarían xa a 28. Entre eles figuraban nada menos que Castelaio, Losada Diéguez e Vicente Risco e, dun xeito institucional, a Xuntanza de Estudos Galegos de Pontevedra, que foron admitidos o 11 de novembro de 1923. E non sería difícil imaxinar que detrás da incorporación dos dous primeiros e mesmo da Xuntanza andase a capacidade persuasiva e o bo facer de Filgueira.

Nese primeiro curso, o SEG comezou a ser coñecido tamén fóra das aulas universitarias polas novas que achegaban xornais santiagueses como *El Compostelano*, *El Diario de Santiago* ou *El Eco de Santiago* e, sobre todo, polo

xornal *Galicia. Diarios de Vigo*, que xa o 3 de novembro de 1923 publicaba un debuxo de Castelao dedicado A-OS ESTUDANTES DE COMPOSTELA no que aparecían dous profetas do Pórtico da Gloria e a seguinte lenda: *E dí Isaías: O pobo que andaba en escuridades veu en vós gran lús: os que vivían en terra de sombra de morte lús resplandeceu sobre eles (Is. IX. 2)*. Tamén o 13 de abril de 1924 o mesmo xornal publicaba unha longa reportaxe sobre “Compostela y la cultura. Como se trabaja en el Seminario de Estudios Gallegos”, que comezaba do seguinte xeito:

El bedel nos conduce a la biblioteca de la Facultad de Letras en que el Seminario tiene sus sesiones y realiza sus trabajos. Entramos; en la vasta estancia nadie está ocioso. El maestro Cotarelo en pie, cabe la ventana revuelve con nerviosidad unos mamotretos, más allá en un sillón Vidán, el humanista, lee con delectación las “Noches Áticas de Aulo Gelio”, sobre la mesa de trabajo Bouza, Tobío y Filgueira se ocupan de ordenar papeletas bibliográficas mientras Martínez encaramado sobre una escalera anda buscando un libro que no aparece nunca.

Despois por encargo de Cotarelo, Filgueira sérvelle ao xornalista de guía sobre os métodos e características do traballo que se fai no Seminario, do que fala con orgullo e satisfacción afirmando que levan realizado un labor que “envidian los demás centros parecidos de España. Esto en el nombre y en los frutos va pareciendo algo extranjero” e así mesmo que “Nosotros, al crear este centro no vimos la amplitud de sus horizontes. El Dr. Cotarelo sí, el nos ha hecho ambiciosos, noble y generosamente ambiciosos en nuestra modestia”.

Esta primeira xeira do SEG, segundo A. Mato, remataría no curso 1924-25, antes do seu traslado, o curso seguinte, aos locais que a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago lles cedería en San Clemente. Tamén sería un período de medra importante no número de socios que chegaría ata os 76 entre os que se atoparían xa moitos dos nomes máis egrexios do galeguismo e da intelectualidade galega como, á parte dos xa citados, serían os de Taboada Roca, Rof Carballo, Castroviejo, Correa Calderón, Cabeza de León, Iglesias, Carré Alvarellos, Cuevillas, Otero Pedrayo, Villar Ponte, Noriega Varela, López Abente, Cabanillas etc.

Dos oitenta e seis traballos que se leron neste período, corenta e seis son de ingreso e o resto os anuais ou voluntarios que presentaban os socios. O principal produtor de traballos foi Filgueira, con 13, seguido de Cotarelo con 7 e Tobío con 5. As revistas que van acoller a maioría dos traballos son dúas moi ligadas aos dous grupos de socios que ingresan moi cedo no Seminario, os da Academia Galega e os do grupo Nós, como son o *Boletín da Real Academia Galega* e a revista *Nós*. No curso 24-25, o Seminario vai cumprir un dos seus obxectivos fundacionais,

o de ter publicacións propias, como sería o caso da denominada Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos e na que o seu primeiro volume vai ser o libro de contos *Os Nenos*, tamén de Filgueira.

O xuízo que nos merece esta primeira xeira do SEG, desde o curso 1923-24 ata o 1925-26, é dunha extraordinaria e insólita sorpresa. O feito de que un pequeno grupo de estudantes moi novos (a maioría dos primeiros cursos) consiga en menos de tres anos atraer cara á súa novísima institución o máis selecto da intelectualidade galega merece unha análise polo miúdo. Non chega co indubidable prestixio do seu primeiro presidente Cotarelo nin coa circunstancia de que os tempos xa estaban maduros e propicios para acoller unha institución coas características do Seminario. Tiña que haber algo máis. E ese plus de singularidade teríámolo que procurar, posiblemente, no contaxioso entusiasmo unido á seriedade e rigor metodolóxico do grupo, así como ao alento galeguista que todos tiñan no seu horizonte afectivo e intelectual. Nese trienio ficou definida unha institución que tiña como obxectivo senlleiro o traballo interáreas a prol de Galicia cunha visión integradora e de totalidade do saber. Ata ese momento, só a Universidade tiña algún deses obxectivos (o da globalidade do saber) pero cuns métodos e xeitos de traballo pouco receptivos ás novidades que os tempos estaban a demandar, así como un esquecemento bastante evidente das cuestións galegas. Con seguridade que esa visión globalizadora e dialogante do coñecemento do Seminario proviña do seu presidente Cotarelo de quen Filgueira falaba, con admiración, co motivo do seu pasamento: “le debo mucho de lo que soy, en todo tengo que agradecerle hasta la actividad dispersiva, tan atacable, pero... itan humana, tan gratai” (Alonso 2015) Pero tampouco tivo menos importancia o traballo fiel e constante dos seus máis seguros intérpretes: Tobío e Filgueira que, desde os seus cargos de secretario, o primeiro, e de encargado de información (1923-24) e censor (1925-1926), o segundo (que xunto co presidente era definido por Tobío como “o trío dirixente”), fixeron unha realidade vizosa as ideas do presidente. Cotarelo Valledor deixa Santiago polo seu traslado a Madrid en 1925, sendo substituído na presidencia do Seminario por Salvador Cabeza de León, rexionalista, falangueiro e tamén de espírito aberto ás diferentes pólas do saber (tamén foi asinante xunto con Cotarelo, cando era catedrático de Dereito, da Acta de Fundación da Delegación de Santiago da Real Sociedad Española de Historia Natural).

CONSOLIDACIÓN, REPÚBLICA E CONFISCACIÓN (1927-1936)

Estes dez anos serviron para que o Seminario de Estudos Galegos se convertese nunha institución de prestixio, respectada dentro e fóra de Galicia. Cuantitativamente, pasou a ter 175 socios dos que 92 chegaron a ler o seu discurso de

ingreso, pero o máis salientable foi a creación dos socios protectores que sostiñan económica e, sobre todo, afectiva e ideoloxicamente a institución. Chegou a ter 527, espallados por toda Galicia, España e América, entre os que figuraban as catro deputacións e 20 concellos.

Constituíronse formalmente tódalas seccións e na súa presidencia, despois do vello rexionalista Cabeza de León, ocuparon o cargo o naturalista Luís Iglesias (1934-36) e o polígrafo Ramón Otero Pedrayo (1936). Creou unha publicación propia cos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, puxo en marcha unha política editorial de edicións de prestixio como o *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* e o *Codex Calixtinus* e tentou crear unha colección de manuais de divulgación sobre temas galegos. Pero, quizais uns dos aspectos máis salientables entre as actividades do Seminario desta época foron as diferentes xeiras de traballo interdisciplinario que se desenvolveron en varias comarcas galegas, como, en 1926 a de Monforte; en 1927 as de Carballiño e O Ribeiro; de 1928 a 1935 as do Deza, onde traballaron por primeira vez tódalas seccións; en 1929 as da terra de Melide, que deron lugar á coñecida publicación *Terra de Melide* (1933) e, en 1936 comezou a derradeira, en Fisterra. Filgueira (2009) describe con agarimo e nostalgia estas xeiras:

Non eran só atraíntes caminatas, a medir e fotografar campos de mámoas, igrexas e pazos, recollendo insectos, vexetais e minerais, inquerindo nos arquivos, falando cos paisanos sabedores de cantigas e refendas... o importante era a conversa entre o arqueólogo e o psicotécnico, do antropólogo, o historiador das artes e os naturalistas.

...os estudantes e os mozos recién graduados podíamos conversar cos directores das Seccións: os inesquecibles persoeiros da xeneración “Nós”, Castelao, Otero, Cuevillas, Risco; cos mestres universitarios, Cotarelo, Cabeza, Pedret, Iglesias, Parga Pondal; cos especialistas, Carro, Díez Rozas, Torner, Camps... Un diálogo valía por moitas clases e moitos libros. Achegábanse coñecementos, experiencias, sucesos, matinacións...

Outras actividades no eido da extensión cultural foron a “Semán Cultural Galega” de Porto (1935) e os cursos de Extensión Escolar en Pontevedra para formación do profesorado con ciclos de conferencias de carácter interdisciplinario.

Foron tamén importantes as colaboracións que diferentes socios fixeron coas actividades organizadas pola Comisión de Estudos en Galicia da J.A.E. como as Misións sobre monumentos artísticos, escavacións e catalogacións arqueolóxicas no monte Santa Tegra na Guarda, Montealegre e no Saviñao, estudos etnográficos en Portugal, musicolóxicos e de historia natural e folclore nos Ancares. Os socios non só se beneficiaron da participación nestas campañas, que segundo

Filgueira (1988) “valían máis que longos cursos de estudio e dilatadas consultas librescas” senón que tamén, algúns deles, tiraron bo proveito das bolsas de estudo no estranxeiro.

A participación de Filgueira en todas estas actividades foi moi relevante, comezando polas organizativas desde os seus postos de Censor, Conselleiro Permanente da Comisión Directora así como de responsable da Sección de Historia da Literatura. En canto á súa produción científica, foi un dos membros que máis escribiu tanto nos *Arquivos* coma noutras revistas e coleccións afíns ao Seminario (29 traballos nestas revistas, 16 libros e numerosas colaboracións xornalísticas). Iniciativa súa foi o proxecto dunha colección de manuais de divulgación, *Manuales do Seminario de Estudos Galegos. A Terra, o Pobo e a Historia de Galicia* en 11 monografías sobre Xeografía, Fauna e Flora, Xea, Linguaxe, Etnografía e Folclore, Música, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura, Historia das Institucións e Ciencias Históricas complementarias, que deberían ser proxectadas polos directores de cada sección e redactadas por un ou varios autores. Foi aprobada en 1932 pero nunca chegou a ver a luz.

De todas as maneiras, co tempo, a tradicional irmandade sen fisuras que existía entre os membros do SEG comezou a quebrarse na terceira década do século. E non só por cuestións políticas que se foron radicalizando a partir da viraxe cara a posicións frontistas dun grupo importante de galeguistas, membros do Seminario. Cuestións tamén de tipo organizativo ou de orientación sobre a política de actividades do SEG comezaron a xerar formulacións diferentes, e mesmo nalgún momento, enfrontadas.

Filgueira, nunha carta a Cordero Carrete (24 de decembro de 1935) criticaba certos estudos de conxunto do Seminario, mesmo os de *Terra de Melide*, que aínda que utilizaban unha metodoloxía e baseamento xeral axeitados, adoecían de “etnografismo agudo” e “hipertrofia folclórica” como consecuencia do exceso de protagonismo da Sección de Etnografía e Folclore. Aconsellaba promocionar as actividades das demais seccións e facer menos pero mellores publicacións así como cunha orientación dirixida cara a un público máis amplo. Opinións que evidentemente non compartían todos, como foi o caso de Florentino Cuevillas director da sección de Prehistoria que mesmo chegou a afirmar en carta a Ben-Cho-Shey (15 de xaneiro de 1936): “Estou un pouco farto de todo e xa vexo que tamén me vou ter que fartar do Seminario”.

Co pronunciamento militar do 36, a vizosa actividade do Seminario de Estudos Galegos foi rabenada de cheo, 77 dos seus socios foron fusilados, represaliados ou tiveron que exiliarse. Durante a guerra permaneceu practicamente pechado, baixo o coidado de D. Xesús Carro que se facía pasar polo seu secretario e, rematada esta, púxose en marcha, en 1940, o proceso de incautación que comezou polo envío da súa biblioteca á Biblioteca Xeral da Universidade. Os cregos Carro e

Pedret, mais outros membros non represaliados polo novo Réxime (quizais Filgueira e Otero?) tentaron parar o proceso con multitude de escritos e súplicas, mesmo a Franco, que non tiveron resposta ata que o 4 de abril de 1940 o reitor reúne no seu despacho varios membros do SEG para comunicarlles a decisión governativa sobre a completa incautación do seu patrimonio. E alí semella que Otero Pedrayo pronunciou con inmensa dor a frase: “Hoxe enterramos o Seminario”. A institución que Tobío (1994) definiu “Como a máis importante galaxia do pequeno cosmos intelectual galego”.

OS INTENTOS DE RECUPERACIÓN DO SEMINARIO

Rematada a guerra, entre os superviventes do Seminario foi agromando axiña a idea de recuperar as súas actividades. Existían tres grupos nos que os antigos directores de sección comezaban a exercer unha sorte de liderado a prol dese proxecto: o compostelán, con Carro, Pedret, Bouza, Moralejo e Filgueira (este aínda que vivía en Pontevedra, ideoloxicamente ficaba xunguido a este grupo), o ourensán, con Otero, Risco, Cuevillas e Lourenzo e o do exilio americano que se artellaba no contorno da figura de Castelao. Deles, o que primeiro tomou a iniciativa foi o de Santiago, que ollaba na figura de Sánchez Cantón, ben situado en Madrid e home de confianza dos novos dirixentes, un importante valedor. Filgueira, que tiña fondos lazos de amizade con el, foi o que realizou as principais xestións que se orientaron cara á posibilidade de que o novo Seminario se integrase no C.S.I.C., o acabado de crear organismo coordinador da investigación científica española, dirixido por Albareda Herrera. Díaz Pardo (1987) describe con claridade a reunión definitiva:

Filgueira Valverde, uno de los fundadores del viejo Seminario, hombre de orden, conservador desde antes de la guerra, pero que en ningún momento perdería su entusiasmo y lealtad a lo que había sido el Seminario, era el único interlocutor válido frente al régimen, y así en una conversación que sostuvo en Santiago en 1943 con José M^a Albareda, le bastó un minuto –según reza el testimonio– para convencerlo de la oportunidad de crear un instituto de Estudios Gallegos en el seno del C.S.I.C.

O 30 de novembro de 1943 créase o “Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos” adscrito ao Patronato José M^a Cuadrado del C.S.I.C. e baixo a dirección de Sánchez Cantón. Este novo centro nacía coa pretensión de continuar co labor do vello Seminario e, de feito, no acto de inauguración non faltaron estas alusións: “En esta Institución [o SEG] se hizo una labor positiva de investigación de la historia, de la literatura, de la antropología y de la geología de Galicia y esa

labor positiva no se debería perder” (Legaz Lacambra, reitor da USC), “...reunió abundantes fondos bibliográficos, arqueolóxicos, artísticos y, lo que más significó al caso, formó investigadores y orientó aficiones” (Sánchez Cantón, o novo director) ou “...el «Instituto Padre Sarmiento» que viene a continuar la precursora labor erudita del antiguo «Seminario de Estudios Gallegos»” (Ibáñez Martín, ministro de Educación). De todas as maneiras, o Instituto Padre Sarmiento tiña pouco que ver coas funcións e horizontes ideolóxico-culturais do vello Seminario: só se recuperaron algunhas das seccións (Historia, Arqueoloxía e Literatura) excluindo as máis conflictivas ou que tiñan que ver coa investigación dos recursos produtivos galegos. Desaparecía o espírito de traballo interáreas e formativo e o galego deixou de ser o medio de expresión preferente.

O núcleo ourensán que inicialmente se mostrou reticente co novo centro (non asistiron ao acto inaugural), ao pouco tempo, nunha actitude posibilista liderada por Otero, acabou por integrarse, aínda que quixo deixar sempre ben claro que “non era o Seminario”. En carta de Otero dirixida a Martínez López, en 1951, acláralle “Estou no deber de lle dicir que o vixente «Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos» non é o «Seminario» inda pretendendo herdalo. Non embargantes boa Institución”.(García 2015). Pero é que incluso un dos máximos promotores deste centro como era Filgueira tamén llo recoñecía, en carta de xaneiro de 1944, a Ramón Piñeiro: “...el Instituto Sarmiento... vendrá a recoger y, en lo posible, proseguir la tarea del Seminario. No es una resurrección. Para resucitar necesitaría tener los mismos cuerpos y las mismas almas. Pero nos daremos por satisfechos con que no se pierda todo lo hecho [y] se prosiga algo” (García 2015).

Desde América, desde o primeiro momento tentouse recuperar o auténtico espírito e labor do SEG, aínda que xa, en 1939, Castelao advertía desde Nova York os seus compañeiros, que o querían poñer en marcha desde Buenos Aires, da dificultade da empresa: “Moi ben a idea de refacer en Bós Aires o Seminario de Estudos Galegos pero compre andar con moito tento a fin de proseguir filialmente a laboura da nosa mellor institución de cultura. Era con zume da terra co que traballabamos e agora estamos desterrados” (Díaz Pardo 1987). Por outra parte, o Instituto Padre Sarmiento ollábase cunha mirada bastante crítica. O mesmo Castelao, un ano antes de morrer, cando edita en América co logo e pé de imprenta do vello Seminario *As cruces de pedra na Galiza* (1949), afirma que ese libro non foi escrito “para os que maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos, nin para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun estado devorador” senón que vai dirixido “aos meus vellos compañeiros” nunha proba da “miña lealdade ao Seminario”.

Co tempo, os exiliados entenderon que a restauración do SEG so podía ter sentido se se facía en Galicia, polo que asumiron como “un mandato” dos vellos

representantes desta institución mortos no exilio o da súa recuperación en canto fose posible. O primeiro intento, demasiado inxenuo e prematuro, foi o de Antonio Baltar, que veu a Galicia en 1956 coa idea de poñer a andar algo similar á asociación do exilio AGUEA (Agrupación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas) “non como niño de conspiradores senón como entidade continuadora do Seminario de Estudos Galegos e, coa mesma, como réplica ó Instituto Padre Sarmiento” (Rei 1987). Coa axuda de Díaz Pardo logra falar con Gallástegui, Parga Pondal, Paz-Andrade e Sebastián Martínez Risco para que escriban pequenos manuais sobre a súa especialidade e anima a Isla Couto a que cree a *Revista de Economía de Galicia*. Pero a Brigada Político Social, ao ter coñecemento do proxecto, invita “amablemente” a Baltar a que abandone o país polo que todo ficou reducido a un pequeno pero substancial gromo editorial.

En 1977, Díaz Pardo e Seoane teñen a ocasión de formular fronte a outros interlocutores, entre os que se atopaba Filgueira, a súa idea sobre a recuperación do SEG nunha serie de reunións organizadas polo Vicerreitorado da USC como primeira actividade do Instituto de Estudos y Desarrollo de Galicia. Nelas, coordinadas por Díaz y Díaz, propónselle a un grupo de ensaístas e artistas que “imaxinaran” como sería Galicia dentro de vinte e cinco anos, é dicir, no ano 2002. (*Galicia 2002* 1978) Na sesión dedicada a “A terra e o home galego”, Díaz Pardo considera que a institución que podía integrar os obxectivos do Museo de Pobo Galego (dedicado á historia e á etnografía) e o Instituto de Estudos e Desarrollo de Galicia (dedicado á economía) podía ser un novo SEG que serviría para reanudar o traballo interáreas que tan exemplarmente cultivou a vella institución. Filgueira contéstalle:

Penso que a gran ventaxa do Seminario de Estudos Galegos foi a de poñer en contacto a xentes de especialidades moi distintas, o que se chama traballo inter áreas. Isto foi unha experiencia importantísima. O polarizarse o Padre Sarmiento no que chamamos Letras, tivo un inconveniente grande. Non sei se o Seminario corresponde ou non a este tempo; penso que non hai que se reiterar.

E máis adiante, remata por manifestar en parte a súa proposta de utilizar un Padre Sarmiento ampliado pero tamén amosando a súa apertura cara a unha nova institución que non acerta aínda a imaxinar:

Podía transformarse o Instituto en Seminario de Estudos Galegos (e mante-lo nome de Padre Sarmiento pra combina-las cousas de letras), podíase volver ó vello Seminario, podía xurdir unha cousa nova con nome novo. É unha idea que para o futuro conviña que todos a pensásemos máis, sobre todo neste

momento por coincidi-la transformación do Consello de Investigacións, que foi quen defendeu o Instituto e o axudou. Habería que pensa-lo que conviña facer ahí...

O día 28 de xullo de 1978, convocados por Díaz Pardo, xúntase no auditorio do Museo do Pobo Galego máis dun cento de persoas entre as que se atopaban a maioría de membros vivos do vello Seminario, como Filgueira, e tómase a decisión de formar unha comisión xestora, presidida por Ramón Martínez López, coa misión de definir a nova estrutura do Seminario de Estudos Galegos e redactar os seus Estatutos, que serían aprobados pouco despois. Pero isto xa é outra historia (Díaz-Fierros 2006).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1980): “La Universidad Gallega entre 1900 y 1936”, en Manuel C. Díaz y Díaz (ed.), *La Universidad de Santiago*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Díaz Pardo, Isaac (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo*. Sada: Edicións do Castro.
- Díaz-Fierros Viqueira, Francisco (2006): “O legado do Seminario de Estudos Galegos e o compromiso ético-social da cultura e a investigación”, en *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso na Galicia do século XX*. A Coruña: Deputación Provincial, 397-411.
- Fernández del Riego, Francisco (1978): “Unha política cultural: a do Seminario de Estudos Galegos”, en Ricardo Carballo Calero [et al.], *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro, 21-28.
- Filgueira Valverde, Xosé (1988): “La Comisión de Estudios en Galicia”, en José Manuel Sanchez Ron (coord.), *La Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, 80 años después, 1907-1987*. Madrid: C.S.I.C., 103-117.
- (2009): “Limiar”, en *Os ensaios en galego (“Logos” 1931-1934) do Dr. Ramón Aller Ulloa*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- García Martínez, M. Carlos (2015): “Filgueira no Padre Sarmiento”, en Luís Cochón e Laura Mariño Taibo (ed.), *Filgueira Valverde homenaxe: “Quíxose con primor e feitura”*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 273-290.

- López García, Xosé (ed.) (2004): *O xornal Galicia (1922-1926). O alento da modernidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Vigo: A Nosa Terra.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edicións do Castro.
- Rei Núñez, Luís (1986): *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*. Sada: Edicións do Castro.
- Seminario "Galicia 2002" (1978): *Galicia 2002. A través da imaxinación creadora*. Santiago de Compostela: Universidade / Instituto de Estudos e Desenrolo de Galicia.
- Tobío Fernández, Lois (1994): *As décadas de T.L.* Sada: Edicións do Castro.